

O feito artístico

Estilo

A forma particular na que se expresa un artista denomínase **estilo**. O estilo, aplicándoo ás artes plásticas, consta de tres variantes.

Estilo persoal

Estilo persoal. É o estilo propio que emprega cada artista individualmente e que ademais o define e diferencia dos outros. Este tipo de estilo está directamente relacionado coa personalidade do autor, os seus coñecementos, as súas experiencias, o seu dominio de certas técnicas, as súas preferencias e con todas aquelas cousas que poidan influír na súa forma de comprender, sentir e expresarse.

Na creación da obra de arte inflúen moitos elementos. Hai que coñecer a linguaxe plástica e dominar os materiais e técnicas para que no proceso creativo poidamos expresarnos con liberdade sen tropezar constantemente con problemas de execución.

É imprescindible saber como e con que dicir as cousas (**técnicas e procedementos**), xa que hai que ter algo que dicir. A linguaxe gráfico-plástica emprega a imaxe, non como unha mera representación, senón como elemento expresivo.

Cando o artista observa a realidade a interioriza e a mixtura coa súa visión do que lle rodea, cos seus soños, os seus desexos e as súas intencións (todo iso dun xeito máis ou menos consciente). Por iso, a imaxe que se traslada ó soporte ten un estilo “persoal” que é a visión subxectiva do autor.

Estilo de época. É o que caracteriza a un espacio de tempo determinado. Do seu estudio xorden as etapas na historia da arte. Os pintores que coinciden no tempo poden ter elementos comúns, aínda que os seus estilos persoais ou liñas creativas sexan diferentes. Os acontecementos plásticos, sociais e políticos inflúen tamén na obra e fano dunha maneira máis ou menos directa, segundo a personalidade e os obxectivos do artista. A historia da arte avanza a medida que analiza os acontecementos que se producen.

Técnicas e procedementos

Xestación da obra

Estilo de época

Os estilos da plástica están interrelacionados co resto das linguaxes e cos movementos históricos (sociais e políticos). Non se pode comprender a historia da arte sen analizar a *historia do home*.

Se a revolución industrial non propiciase a construción da máquina de vapor no século XVIII, non se poderían mover as imprentas á velocidade necesaria para imprimir a prensa gráfica da época, que a través do ferrocarril chegaba con puntualidade ós lugares de venda.

Estilo local. O entorno no que o artista desenrola o seu traballo dalle unha influencia cultural da que é difícil que poda sustraerse. Cada cultura prantéxase uns obxectivos estéticos e unhas cualidades que a definen e que marcan a sensibilidade do individuo dende a berce.

Aínda que a linguaxe gráfico plástica considérase universal, cada un leva dentro unha visión do mundo na que inflúe a nosa procedencia e o noso entorno. Con todo, nunha sociedade onde os medios de comunicación integran e uniformizan as diferencias culturais téndese a desprender á arte desa conciencia local.

Polo tanto, inflúen directamente na creación da obra quen a fai (estilo persoal), cando a fai (estilo temporal), donde a fai (estilo local) y con que (técnicas e materiais). Con todo, hai outros factores que tamén inflúen como o número de persoas que participa no proceso.

Aínda que parece existir separación entre as imaxes empregadas nas belas artes tradicionais (pintura, escultura, etc) e as tecnoloxías actuais (fotografía, vídeo, etc), só hai unha posible diferenza. Nas belas artes o fenómeno artístico é fundamentalmente individual, mentres que o uso doutras técnicas acostuma levar consigo a utilización de manipulacións, procesos e equipos numerosos con máis persoas implicadas.

Arte e historia

Estilo local

Imaxe plástica e tecnoloxía